



Que é o IPC ?

O índice de prezos de consumo (IPC) é unha medida estatística da evolución dos prezos dos bens e servizos que consume a poboación.

Por exemplo, a variación interanual do IPC de España no mes de marzo de 2021 foi do 1,3%. Isto quere dicir que desde marzo de 2020 ata marzo de 2021 os prezos incrementáronse un 1,3%.

Cómo se calcula?

Para confeccionar o IPC recóllense mensualmente os prezos de 479 artigos que compoñen a cesta da compra. Para determinar os produtos que deben formar parte desta cesta utilízase a Enquisa do Orzamentos Familiares elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE). Esta enquisa, que obtén información sobre as compras realizadas por todos os membros do fogar entrevistado, permite coñecer os hábitos de consumo dos fogares españois.

Os artigos que compoñen a cesta da compra están distribuídos en 12 grandes grupos:

- ✓ Alimentos e bebidas non alcohólicas
- ✓ Bebidas alcohólicas e tabaco
- ✓ Vestido e calzado
- ✓ Vivenda
- ✓ Enxoval
- ✓ Medicina
- ✓ Transporte
- ✓ Comunicacións
- ✓ Ocio e cultura
- ✓ Ensino
- ✓ Hoteis, cafés e restaurantes
- ✓ Outros bens e servizos



Para asegurar a representatividade, recóllense os prezos en 177 municipios repartidos por todo o territorio nacional e en todo tipo de establecementos (hipermercados, supermercados, mercados e tendas especializadas).

Quen o elabora?

O organismo encargado da súa elaboración é o Instituto Nacional de Estatística (INE), que o publica con periodicidade mensual.

Para que se utiliza?

O IPC utilízase nos ámbitos económico, xurídico e social:

- ✓ Medida de inflación
- ✓ Revisión de contratos de aluguer
- ✓ Actualizacións de pensións
- ✓ Negociacións salariais, ...

Máis información ...

Podes atopar información máis detallada sobre a forma de cálculo do IPC e exemplos prácticos da súa utilización na correspondente unidade didáctica do Portal Educativo:

<http://www.ige.eu/estatico/educacion/Economia/Prezos/Teoria.htm>

